CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar, organizar e aplicar de forma guiada coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos comprensibles, coherentes e adecuados.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio europeo das linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obriga e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou</li> </ul>

## Contidos

- estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Manual da editorial Pearson (YOUR WORLD 1) - Students book
Recursos audiovisuais auténticos
Equipos informáticos (ordenadores persoais dos alumnos proporcionados dentro do programa e-dixgal)
Plataformas virtuais de aprendizaxe (edixgal, Educamos)
Fichas de actividades de consolidación e reforzo.

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgunha dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo ( por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas)

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	40	40	40	40	40	40	35	35	<b>39</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	60	60	60	60	60	60	65	65	<b>61</b>

**Criterios de cualificación:**

O primeiro trimestre terá un peso do 33% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 33% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 33% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase tendo en conta estes aspectos:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA
2. PRODUCCIÓN ORAL e INTERACCIÓN
3. PRODUCCIÓN ESCRITA

Instrumentos de avaliación: Probas (de produción oral e escrita) ás que se lle aplicarán unhas rúbricas e controis cunha puntuación de 0 a 10 (comprensión oral e produción escrita centrada no vocabulario e na gramática).

En liñas xerais, as probas e os controis de avaliación (que abranguen os tres aspectos sinalados arriba) supoñen un 90 % da calificación. O 10% restante corresponde a proxectos e tarefas de aula.

A cualificación final obterase calculando a media aritmética dos tres trimestres. A materia considerárase superada se esa media é igual ou superior a 5. Porén, se ao final de curso algún alumno conta cunha avaliación suspensa, como primeira opción deberá recuperala. Como segunda opción, e no caso de que non conseguira recuperala, a avaliación será positiva cunha media igual (coa aplicación do redondeo) ou superior a 5 .

**Criterios de recuperación:**

Ao inicio do seguinte trimestre, o alumno que non tivera superado a materia no trimestre anterior terá a oportunidade de facelo cunha proba que abrangue a comprensión e expresión escrita e a comprensión oral. Considérase que deberá acadar un 5 para ter superado o trimestre pendente, pero poden darse casos de superación cunha nota inferior (debido ás características de aprendizaxe do alumno en particular). De non ter superado ningún trimestre ou no caso de que non aprobase a recuperación dalgún trimestre o alumno fará un exame final cos mesmos apartados cos sinalados para as recuperacións trimestrais.

**5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O profesorado do nivel en curso fará a recuperación da materia pendente. Esta recuperación terá en conta o establecido na programación do curso correspondente para a materia de Lingua Inglesa no tocante aos criterios de avaliación, e aos mínimos de consecución para superar a materia. O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación dividido en tres partes. A recuperación poderá realizarse a través da entrega de tres boletíns trimestrais de actividades. Ditos boletíns avaliaranse cunha nota máxima de 6 sempre e cando sexan presentados e realizados de xeito completo e correcto. Para todo o alumnado que opte por non acollerse a este plan de traballo ou que non alcance unha cualificación de suficiente nos boletíns haberá unha proba de avaliación global ao final de curso. A data será fixada convenientemente. Aqueles alumnos que non superen o plan de recuperación pero sí acaden unha nota mínima de suficiente na mesma materia do curso superior terán aprobada a materia pendente. Durante o mes de outubro, o alumnado e as súas familias recibirán por escrito información detallada deste plan de recuperación da materia pendente. Unha vez asinado este documento pola nai / pai ou titores legais, será remitido ao centro.

**6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do



alumnado.

5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

#### PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - A igualdade de xénero	X							
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde		X				X		
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		X						X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial								
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X
ET.4 - A competencia dixital	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X
ET.6 - A igualdade de xénero	
ET.7 - A creatividade	X
ET.8 - A educación para a saúde	
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X

**Observacións:**

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas		X	
Lectura de libríños de nivel graduado.	Elixiranse libros de temática e nivel axeitado ao curso.		X	
Participación en programas de inmersión lingüística.	Solicitaranse os programas ofertados pola Xunta (Digital Week, Spring Week)	X		

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Metodoloxía empregada
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

### Descrición:

Se é posible, profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre  
Ás veces  
Nunca

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións trimestrais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000351	CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, para a materia de Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria da Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oríentase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica. Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concréntanse en doce unidades didácticas.

O centro escolar no que se aplicará a Programación Didáctica é un Colexio concertado relixioso ubicado no casco urbano de Bueu. Está tipificado como dunha liña; posúe tres grupos de Educación Infantil, seis de Educación Primaria e catro da ESO; en total, trece grupos. O alumnado ao que vai dirixida esta programación está formado por vinte alumnos e alumnas, dous deles repetidores. Trala realización da avaliación inicial, estableceranse as medidas de atención á diversidade oportunas.

En xeral, o nivel socio-económico e cultural do alumnado é medio-baixo. Respecto á situación sociolingüística, pódese afirmar que a lingua maioritaria é a lingua castelá. A relación entre o centro escolar e os pais/nais é boa; estes teñen interese e están ben informados das actividades que nel se realizan. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) colabora nas actividades complementarias e extraescolares, o cal indica unha actitude positiva cara a educación dos nenos/as.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coas palabras e cos xestos.	Na primeira unidade centraremos no alfabeto galego, a grafía das letras e o correcto uso do dicionario. Traballaremos tamén co texto e as súas clases, centrándonos na análise de diferentes tipos de texto da vida cotiá. Para rematar, afondaremos nos conceptos de lingua, linguaxe e diversidade lingüística así como nos rexistros lingüísticos.	9	9	X		
2	Procúranse reporteiros.	A segunda unidade centrarase no uso de sinónimos e antónimos, nos textos dos medios de comunicación, máis concretamente no xornal e a noticia, e na	8	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Procúranse reporteiros.	estrutura interna das palabras, lexemas e morfemas e formación das palabras. Remataremos a unidade traballando co sistema vocálico do galego.	8	9	X		
3	Unha aventura substantiva.	Nesta unidade traballaremos coas palabras monosémicas e polisémicas, os textos dialogados e os textos narrativos, poñeremos especial atención no punto de vista que pode adopotar o narrador. En canto ao funcionamento da lingua veremos o substantivo (xénero e número) e o artigo. Remataremos repasando a diferenza entre as sílabas tónicas e átonas.	9	9	X		
4	Os trazos importantes.	Na unidade catro veremos en que consisten a homonimia e a paronimia, traballaremos con textos descritivos e expositivos e co adxectivo cualificativo, o seu xénero, número, graos e clases. Remataremos a unidade co acento gráfico nas palabras agudas.	8	9	X		
5	Era lambona de seu!	Nesta unidade, ademais de aumentar o caudal léxico traballando con diferentes campos semánticos, veremos en que se diferencian os textos literarios e non literarios e tamén os principais recursos estilísticos. En canto á reflexión sobre a lingua veremos os adxectivos determinativos (demostrativos, posesivos, numerais e indefinidos). Para rematar a unidade fixarémonos no acento gráfico nas palabras graves e esdrúxulas.	9	9		X	
6	Xuntos e revoltos.	Esta unidade servirá para introducir o alumnado nas principais abreviaturas e símbolos, veremos as diferenzas fundamentais entres os tres grandes xéneros literarios a partir da lectura e análise de diferntes tipos de textos. No que respecta á reflexión sobre a lingua traballarase co pronome, concepto e clasificación, pero centrándonos sobre todo no uso do pronome persoal tónico.	8	8		X	
7	Alguén viu o gatapedro?	Continuaremos cos procedementos de abreviación de palabras fixándonos na utilización de símbolos e acrónimos; continuaremos traballando cos pronomes, fixándonos sobre todo na colocación dos pronomes persoais átonos. Para rematar traballaremos con diferentes contos para, a partir deles, ver as diferenzas entre o conto popular e o conto literario.	8	8		X	
8	Heroes de tinta chinesa.	Nesta unidade abordaremos a formación de substantivos e adxectivos, achegarémonos ao mundo da banda	8	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Heroes de tinta chinesa.	deseñada e as súas características a través do cómic "A mansión dos Pampín" e introducíronos no verbo, a súa estrutura interna, o número e a persoa verbais, o tempo e o modo e as formas non persoais.	8	8		X	
9	Vas ou vés?	Nesta unidade traballarase a formación de verbos e adverbios, a lírica e as súas características básicas, e a conxugación verbal ( modos do verbo, infinitivo conxugado, verbos irregulares e verbos semirregulares).	9	9			X
10	Prendidos no nobelo novo.	Comezaremos a unidade co estudo dos principais conectores textuais, despois seguiremos traballando co xénero lírico aprofundando nos diferentes tipos de estrofas, prestaremos especial atención ao romance e o soneto. En canto á reflexión sobre a lingua, veremos as palabras invariables: adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións.	6	9			X
11	Outra vaca no millo.	A fraseoloxía popular, as frases feitas e os refráns serán o punto de partida desta unidade. A continuación achegarémonos á nosa literatura popular, ás cantigas e ás regueifas. remataremos esta unidade coa oración simple, o suxeito (trazos básicos) e o predicado ( estrutura).	9	9			X
12	Entre bastidores.	Nesta última unidade imos reflexionar sobre a existencia das palabras tabú e os eufemismos e as posibles causas que hai detrás deste mecanismo de substitución. Despois traballaremos con diferentes textos dramáticos, a partir dos que veremos as características do xénero teatral e dos principais subxéneros dramáticos. En canto á reflexión sobre a lingua, remataremos o curso traballando coas diferentes modalidades oracionais.	9	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coas palabras e cos xestos.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	80
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista gravada, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero lírico (versos, estrofas, rima...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas.	TI	20
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o colexio.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado participa activamente nas actividades orais, expresando a súa opinión sobre un tema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> </ul>

### Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Procúranse reporteiros.	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado debe recoñecer nun mapamundi as principais familias lingüísticas e linguas do mundo e identificar algúns sistemas de escritura destas.	PE	80
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) dun texto.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) dun texto.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar con motivo da celebración do Día da Biblioteca, selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Unha aventura substantiva.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado presenta un traballo sobre a lusofonía e os países lusófonos que inclúe as características do sistema ortográfico do portugués e un breve glosario de expresións básicas da vida cotiá.	PE	80
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo de investigación ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral breve sobre algún tema concreto relacionado cos países lusófonos e identifica no seu borrador a estrutura e características lingüísticas do texto expositivo.	TI	20
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística nas actividades de intercambio oral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> </ul>

Contidos
<p>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</p> <p>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</p>

UD	Título da UD	Duración
4	Os trazos importantes.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do éuscaro: extensión xeográfica, grafías e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúdo e de despedida e de agradecemento e desculpa etc.).	PE	80
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe establecer vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica algunhas das principais características do xénero narrativo na obra de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe recoñecer e aplicar algúns procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha narración breve sobre un suceso recente na que identifica as principais características das secuencias textuais narrativas (estrutura, elementos...).	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Era lambona de seu!	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do catalán: localización xeográfica e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúdo, despedida, agradecemento e desculpa etc.).	PE	80
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado escríbelle unha carta formal ao autor ou autora da obra de lectura obrigatoria. No texto emprega o rexistro adecuado, mantén a coherencia e respecta as convencións do xénero.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado usa coherentemente as formas verbais e recoñece erros relativos á correlación temporal dos verbos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar a carta coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria da narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza axeitadamente dicionarios, manuais de gramática e correctores ortográficos para emendar erros lingüísticos básicos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de narrativa xuvenil actual e expresa a súa opinión sobre el.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Xuntos e revoltos.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado producirá textos sinxelos dirixidos a unha entidade social (mensaxaría, correo electrónico, comentario nun blog) segundo as pautas características destes textos.	PE	80
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado elabora un díptico en formato dixital que inclúe información sobre os riscos da Rede e as recomendacións que se deben seguir para evitalos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza o léxico preciso e enriquece o vocabulario dos seus traballos con axuda de dicionarios, tanto en soporte analóxico como dixital.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de contrastar con axuda do profesorado varias versións dunha mesma noticia, redacta a súa propia versión, respectando os principios de propiedade intelectual.	TI	20
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa nun traballo de investigación colectivo con boa actitude e empregando estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado, con exemplos concretos, denuncia e rexeita usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e abusos a través da palabra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

Contidos
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
7	Alguén viu o gatipetro?	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica algúns trazos dialectais da súa área lingüística (seseo, gheada...) e valora estes fenómenos como mostra da riqueza do galego.	PE	80
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, logo de subliñar as ideas principais dun texto de temática ambiental, redacta un resumo da información máis salientable e elabora un esquema dos contidos tratados.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado recoñece e explica erros léxicos, gramaticais e ortográficos coa axuda de dicionarios e de manuais de consulta en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Logo de valorar a forma e o contido do borrador do álbum ilustrado colectivo, o alumnado debe empregar procedementos comunicativos para melloralo e emendar o que for preciso.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe redactar correctamente oracións simples e localizar nelas as frases e funcións sintácticas principais (SUX, PDO, CD, CI e CC).		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elabora, a partir de modelos dados, unha páxina do álbum ilustrado colectivo sobre temática ambiental (mudanza climática, protección animal etc.).	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Heroes de tinta chinesa.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuizos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuizos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.	PE	80
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado reconece castelanismos léxicos frecuentes en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico e sabe substituílos pola forma galega correcta.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas, hiperónimas e hipónimas co obxectivo de evitar repeticións no discurso.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado localiza en textos narrativos e descritivos, distintos tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de explicar a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de interpretar o sentido dalgúns textos literarios dende unha perspectiva de xénero. Identifica situacións de desigualdade, discriminación, prexuizos, linguaxe sexista etc.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de identificación de prexuizos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Vas ou vés?	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade do texto literarios , distingue o propósito comunicativo do seu autor e interpreta as súas intencións.	PE	80
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado, logo de procurar e contrastar información na biblioteca, elabora un xogo sinxelo de preguntas e respostas sobre a obra, o/a autor/a, o seu contexto histórico etc.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado elabora un traballo sobre as características máis salientables do xénero lírico.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literatura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos nos textos lidos.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente na lectura de textos literarios e na procura de información sobre a obra, o/a autor/a e a súa época, con boa actitude e cortesía lingüística.	TI	20
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é quen de realizar unha lectura expresiva do texto atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Prendidos no nobelo novo.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).	PE	80
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo de investigación ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista gravada, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	Outra vaca no millo.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar un texto coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.	PE	80
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) dun texto.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elabora, a partir de modelos dados, unha páxina do álbum ilustrado colectivo sobre temática ambiental (mudanza climática, protección animal etc.).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de explicar a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o final de curso.	TI	20
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado participa activamente nas actividades oral, expresando a súa opinión sobre un tema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Entre bastidores.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).	PE	80
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar os seus textos coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) dun texto.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...	TI	20
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado asiste e participa activamente nas actividades orais, expresando a súa opinión sobre un tema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

##### Orientacións pedagóxicas

A intervención educativa en Lingua Galega e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e

reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Galega Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Galega e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

2) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

3) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

4) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

5) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

6) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

7) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

8) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

9) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.

13) A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanzación e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistemas fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.

14) A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.

15) A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentárase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Plataforma dixital E-dixgal.
Escolma variada de textos orais e escritos en diversos formatos e soportes.
Fichas con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Materiais de investigación e consulta.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Plataforma dixital Educamos.
Classroom.
Pantalla dixital e quipos informáticos (ordenador do profesor e ordenador persoal do alumno).

Os principais recursos en formato dixital que se empregarán son os seguintes

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario visual interactivo: [www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html](http://www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html)
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de dúas partes: un texto para avaliar a comprensión e a expresión escrita e un cuestionario tipo test que recolle os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 6º de primaria.

Ademais disto terase en conta a observación do traballo dos alumnos e alumnas na aula e a información acadada na reunión co titor ou titora do curso anterior para coñecer as necesidades de aprendizaxe do alumnado ou calquera outra circunstancia que poida afectar ao seu desenvolvemento.

Esta avaliación será o punto de referencia para adoptar as medidas de atención á diversidade que se consideren

oportunas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>6</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5. (Aplicarase o redondeo por exceso cando a parte decimal da nota sexa igual ou superior a 5).

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo.

Cálculo da nota de cada avaliación:

- a) Probas escritas (80% nota de avaliación).
- b) Proba ou traballo sobre a lectura trimestral proposta (10% nota de avaliación).
- c) Traballo persoal na aula. (10% nota de avaliación). Valorarase a realización das tarefas propostas, o traballo individual e en equipo e a participación activa na aula.

Corrección escrita: en toda produción escrita valorarase negativamente a falta de adecuación, coherencia e cohesión así como os erros na ortografía e na puntuación. Cada erro restará 0,05 puntos, ata un máximo de 1 punto.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que suspenda algunha avaliación terá a oportunidade de facer unha proba de recuperación ao remate do trimestre. No caso de suspender a recuperación poderá volver presentarse no mes de xuño. A cualificación final será a media das notas das avaliacións aprobadas e as notas das recuperacións superadas.

O alumnado coas tres avaliacións suspensas fará unha proba final no mes de xuño. A súa cualificación final será a nota desta proba global.

Das datas destas recuperacións as familias terán información a través da plataforma do centro (Educamos).

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente.

A recuperación da materia pendente terá en conta o establecido na programación do curso correspondente para a materia de Lingua galega e literatura de 1º da ESO no tocante aos criterios de avaliación e os mínimos de consecución para superar a materia.

A recuperación poderá realizarse a través da entrega de tres boletíns trimestrais de actividades. Ditos boletíns valoraranse cunha nota máxima de 6 sempre a cando sexan presentados e realizados de xeito completo e correcto.

Para todo o alumnado que opte por non acollerse a este plan de traballo ou que non alcance unha cualificación de Suficiente nos boletíns haberá unha proba de avaliación final no mes de xuño. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

Aqueles alumnos que non superen o plan de recuperación mais acaden unha cualificación mínima de Suficiente na materia do curso superior terán aprobada a materia pendente.

Durante o mes de outubro, o alumnado e as súas familias recibirán por escrito información detallada deste plan de recuperación da materia pendente, unha vez asinado este documento pola nai, pai ou titores legais será remitido ao centro.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias (RE) como extraordinarias (ACS).

Implementaranse con eles medidas como:

-Alternar actividades teóricas con traballo práctico.

-Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu todo o alumnado.

-Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.

-Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

-Propor exercicios variados.

-Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, felicitacións escritas nos seus traballos... ).



-Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

-Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.

-Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.

-Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos.

-Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.

-Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

-Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comunicación audiovisual			X			X		
ET.2 - A competencia dixital			X			X		
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X					X	X	
ET.4 - A educación emocional e en valores						X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero								X
ET.6 - A creatividade	X		X				X	
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable							X	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial						X		
ET.9 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A comunicación audiovisual	X			
ET.2 - A competencia dixital	X			X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X			
ET.4 - A educación emocional e en valores			X	
ET.5 - A igualdade de xénero				
ET.6 - A creatividade	X			
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				
ET.8 - O emprendemento social e empresarial				
ET.9 - A comprensión lectora	X	X		
ET.10 - A expresión oral e escrita	X			

**Observacións:**

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no proxecto Faro da Escola.	Esta é unha actividade idónea para achegar a prensa á aula e fomentar o traballo en equipo do alumnado.			
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración de efemérides como o Día de Rosalía dce Castro, Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.			
Asistencia a diferentes espectáculos: teatro, música, recitais de poesía.	Con estas visitas búscase favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.			
Visita a exposicións de interese.	O obxectivo desta actividades é favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.			
Actividades de colaboración co Concello e outras institucións para traballar a educación en valores.	Con estas actividade, o alumnado desenvolverá valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto aos demais.			
Visita a vilas e cidades para coñecer o noso patrimonio histórico e cultural.	As visitas a cidades e vilas da nosa contorna favorecerán o achegamento do alumnado ao noso patrimonio histórico e cultural			
Visionado de películas, curtametraxes e documentais.	Vehículo idóneo para informar e formar de maneira amena. Con estas actividades traballaremos os diferentes elementos transversais, desenvolveremos o pensamento crítico e potenciaremos a competencia en comunicación.			
Participación no proxecto Art for change.	Actividade para fomentar a creatividade do alumnado, visibilizar o papel das mulleres na arte e cunha dimensión solidaria.			
Participación no Plan Proxecta: Por 365 días de respecto e igualdade.	Con este proxecto traballaremos a educación emocional, educación para a igualdade, a comunicación lingüística, así como as competencias en aprender a aprender e competencias en sentido de iniciativa e espírito emprendedor.			

### Observacións:

As actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a apredizaxe do alumnado. Ademais facilitan a socialización do alumnado, o desenvolvemento da súa creatividade e o descubrimento das súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Fase previa de preparación do alumnado, ofrécese información sobre o tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Fase central consistente na actividade propiamente dita.
- Terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

3. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
7. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
12. Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
13. Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
19. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
<b>Metodoloxía empregada</b>
4. As actividades propostas foron variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
6. Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
11. Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
1. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado: reforzos, ACS, repetidores, alumnado con materias pendentas.
<b>Clima de traballo na aula</b>
5. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
15. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
8. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
14. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.
<b>Outros</b>
16. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase.

### Descrición:

avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Galega e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000351	CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Matemáticas	1º ESO	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	34

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Matemáticas do 1º curso da ESO. Para a súa elaboración tívose como referencia o decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A contorna no que se atopa o noso centro e nome da localidade e as características que o conforman influirán de xeito importante na práctica docente. As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, por exemplo, a aula de informática na que se utilizarán ferramentas dixitais e o uso de encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula.

No 1º curso da ESO deste centro educativo hai 1 grupo composto por 17 alumnas e alumnos con idades comprendidas entre os 11 e os 13.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.			1-2	2	4	3	3	
OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.			1-2-3	2-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.			1-3	2-3				1



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.			3	1-2-5			3	4
OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.	1-3	1	2-4	2-3			3	3
OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec			5		1-4-5		2	3
OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem	5	3	3		1-3	2-3		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A maxia dos números	Esta unidade traballa as operacións con números naturais respectando a xerarquía, as potencias e as súas propiedades e problemas que se resollen mediante o uso de números naturais e potencias.	7	11	X		
2	O código secreto	Os criterios de divisibilidade, a descomposición de números naturais e a obtención do MCM e do MCD, así como	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O código secreto	tamén a súa aplicación en problemas contextualizados son obxecto desta unidade didáctica.	8	12	X		
3	A volta ao mundo	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo das operacións con números enteiros respectando a xerarquía de operacións e problemas contextualizados que se resolven mediante o uso de números enteiros.	8	12	X		
4	Xogar coas fraccións	Nesta unidade trabállanse as operacións con fraccións respectando a xerarquía de operacións e problemas contextualizados que se resolven mediante o uso de fraccións.	8	12	X		
5	Preparemos unha festa	Esta unidade está adicada ás operacións con números decimais respectando a xerarquía de operacións e á resolución de problemas contextualizados que se resolven mediante o uso de números decimais.	8	10		X	
6	E se fosen 100?	Os conceptos de razón e proporción, as magnitudes directamente proporcionais e o uso de porcentaxes na resolución de problemas son os contidos traballados nesta unidade.	8	10		X	
7	Seguindo a pista de x	O desenvolvemento desta unidade está orientado á introducción na álgebra e na resolución de ecuacións así como tamén a resolución de problemas alxébricos contextualizados.	8	12		X	
8	Unidades de medida. Sistema métrico decimal	Nesta unidade trabállase os concepto de magnitude e as súas diferentes unidades de medida e uso destas, de xeito apropiado, na resolución de problemas.	8	9		X	
9	A xeometría a través do meu obxeto	Esta unidade dedícase ao estudo das figuras xeométricas planas e dos seus elementos característicos.	8	12			X
10	Por qué as tapas dos sumidoiros son redondas?. A xeometría das abellas.	O uso das formulas de perímetros e áreas, a súa dedución e a aplicación en problemas contextualizados son o obxecto desta unidade.	8	12			X
11	As matemáticas no xornal	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo das coordenadas cartesianas e ao uso das funcións e das súa representacións para obter información relevante.	8	12			X
12	Como te apellidas?	Nesta unidade trabállanse os conceptos estatísticos fundamentais, as representacións gráficas e a análise e interpretación de táboas e gráficos en contextos da vida real.	8	11			X
13	Matemáticas para a vida en	Trátase dunha unidade transversal que	5	5	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
13	sociedade	reune os criterios de avaliación e contidos aocidos ao sentido socioafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	5	5	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A maxia dos números	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de $\mathbb{N}$ e as súas operacións (+, -, x, /, ^ e/ou raíces exactas sinxelas) organizando os datos dados e describindo a xerarquía correcta para a súa resolución.	PE	80
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de $\mathbb{N}$ aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Supera os retos propostos	TI	20
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Control das suas propias emocións durante o traballo		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Ganas de participar e traballar en equipo		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Traballa activamente		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Involúcrase no traballo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

**Contidos**

- Cálculo.
- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.
- Cantidade.
- Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros.
- Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.
- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción).
- Sentido das operacións.
- Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.
- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe, como a autoconciencia e a autorregulación.
- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	O código secreto	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas sinxelos de divisibilidade organizando os datos dados e describindo os pasos para a súa resolución.	PE	80
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de divisibilidade utilizando a factorización en primos e aplicando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora) cos pasos axeitados.		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema dado da vida cotiá en cuxa resolución se utilice a factorización en números primos modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Supera os retos propostos	TI	20
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Control das suas propias emocións durante o traballo		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Ganas de participar e traballar en equipo		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Traballa activamente		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Involúcrase no traballo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo.</li> <li>- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.</li> <li>- Relacións.</li> <li>- Utilización de factores, múltiplos e divisores. Factorización en números primos para resolver problemas, mediante estratexias e ferramentas diversas, incluído o uso da calculadora.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe, como a autoconciencia e a autorregulación.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A volta ao mundo	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de números enteiros e as súas operacións (+, -, x, /) organizando os datos dados e representando a información de modo que permita atopar estratexias para a súa resolución.	PE	80
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de Z aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Supera os retos propostos	TI	20
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Control das suas emocións durante o traballo		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Ganas de participar e traballar en equipo		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	TRaballa activamente		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Involúcrase no traballo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo.</li> <li>- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.</li> <li>- Cantidade.</li> <li>- Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros.</li> <li>- Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.</li> <li>- Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números naturais e enteiros, incluída a recta numérica.</li> <li>- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción).</li> <li>- Sentido das operacións.</li> <li>- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.</li> <li>- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe, como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> <li>- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.</li> <li>- Inclusión, respecto e diversidade.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> <li>- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Xogar coas fraccións	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións elementais (suma, resta, produto ou cociente) e ordenación de fraccións organizando os datos dados e representando a información para facilitar a súa resolución.	PE	80
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de fraccións e as súas operacións elementais aplicando a xerarquía de operacións e usando a estratexia adecuada segundo o tamaño dos números(mental, lapis e papel ou calculadora)		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando fraccións comunicando correctamente o proceso matemático inherente.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Supera os retos propostos	TI	20
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Control das suas propias emocións durante o traballo		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Ganas de participar e traballar en equipo		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Traballa activamente		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Involúcrase no traballo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo.



## Contidos

- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.
- Cantidade.
- Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.
- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción).
- Sentido das operacións.
- Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.
- Relacións.
- Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.
- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe, como a autoconciencia e a autorregulación.
- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.
- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
5	Preparemos unha festa	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas nos que realiza operacións elementais (+, -, x, /) e ordenación de números decimais organizando os datos dados e representando a información para facilitar a súa resolución.	PE	80
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de números decimais e operacións elementais aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora)		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando os números decimais e as súas operacións comunicando correctamente o proceso matemático inherente.		
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Supera os retos propostos	TI	20
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconceito matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Control das súas propias emocións durante o traballo		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Ganas de participar e traballar en equipo		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Traballa activamente		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Involúcrase no traballo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo.</li> <li>- Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números.</li> <li>- Cantidade.</li> <li>- Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida.</li> </ul>

## Contidos

- Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción).
- Sentido das operacións.
- Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais.
- Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas.
- Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.
- Relacións.
- Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.
- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe, como a autoconciencia e a autorregulación.
- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
Usaranse diferentes tipos de agrupamento: gran grupo, equipos de traballo cooperativo, traballo individual... para a realización de proxectos tecnolóxicos que terán como eixo a identificación e a resolución de problemas, mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos. Fomentarase a investigación do problema ou situación como parte esencial do método de proxectos, reforzando a aprendizaxe autónoma do alumnado e a súa autoavaliación.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para o deseño, comunicación e difusión de ideas e solucións adoptadas.

Promoverase a participación do alumnado, e prestarase especial atención ao traballo para a desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Empregaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, unha aprendizaxe activa que favoreza a participación activa dos alumnos na súa aprendizaxe, tomando decisións e resolvendo problemas por si mesmos. Guiarase ao alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción.

Poñeranse en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Software da maqueta de E-dixgal
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.

Google Classroom
Kits programa Polos Creativos
Recursos fotocopiáveis que recollen actividades de reforzo e ampliación; para o desenvolvemento das competencias, fichas de autoevaluación.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso realizaranse tarefas sinxelas competenciais relacionadas coa tecnoloxía e a dixitalización. Empregarase a observación directa do traballo individual e en grupo, sobre e a conduta na aula e a relación co profesorado.

Terá en conta a información obtida na reunión co profesorado titor do curso anterior, onde se abordarán todas as peculiaridades do grupo; as interaccións que se producen e as dinámicas que funcionaron ben. Se incorporarán datos relativos sobre as necesidades de aprendizaxe do alumnado, características familiares que poidan incidir na súa aprendizaxe ou calquera outra circunstancia que poida afectar ao seu desenvolvemento.

Esta avaliación será o punto de referencia para adoptar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>18</b>	<b>18</b>	<b>11</b>	<b>18</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>9</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

#### Criterios de cualificación:

O alumnado terá as sesións de avaliación, tal e como indica a Orde do 12 de abril de 2024, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/2025.

A cualificación final do curso virá dada pola media aritmética das cualificacións das 3 avaliacións do curso ou das obtidas nas correspondentes avaliacións de recuperación.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas 3 avaliacións.
- 2.- A media entre as 3 avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5. (Aplicarase o redondeo por exceso cando a parte decimal da nota sexa igual ou superior a 5).

A nota de avaliación consta de 2 indicadores:

- 1.- A media ponderada das cualificacións obtidas nas tarefas e proxectos realizados, individuais ou en grupo, cun 90% de peso. Táboa de indicadores (rúbricas, listas de cotexo, etc). O peso de cada tarefa dependerá do tempo empregado e dos contidos traballados.
- 2.- A participación e traballo diario, cun 10% de peso. Observación directa do profesore na aula, táboa de indicadores

(rúbricas, listas de cotexo, etc).

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición dos obxectivos. Servirán para reflectir, dentro de cada avaliación, o dominio das unidades e ferramentas indicadas nesta programación.

Haberá una penalización por entrega fora de tempo e/ou forma: A cualificación máxima obterase entregando correctamente a tarefa antes das 23:59 do día sinalado. As entregas posteriores terán un desconto do 10% semanal en concepto de entrega fora de prazo ata un máximo de desconto do 40%. As entregas posteriores á primeira cualificación do profesor para corrixir ou mellorar nota terán un desconto do 20% en concepto de axuda do profesor.

### **Criterios de recuperación:**

A realización da avaliación de recuperación será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario.

O profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado deberá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos: o alumnado que non supere a 1a ou 2a avaliación, terá que repetir ou mellorar ao comezo da seguinte, as tarefas peor cualificadas. Baseándose nos criterios mínimos de consecución; ata que a media aritmética entre as tarefas e a nota da clase chegue a 5.

Se un estudante ten dúas ou tres avaliacións suspensas terá a oportunidade de realizar de novo as tarefas e proxectos indicados con anterioridade, dentro dun prazo acordado.

De non cumprir este plan de traballo poderá presentarse a unha proba escrita global final, baseada nos criterios mínimos de consecución de todas as unidades correspondentes a ditas avaliacións. A nota obtida nesta proba escrita, suporá o 100% da cualificación para os alumnos coas tres avaliacións suspensas e o 100% da correspondente avaliación suspensa para os que teñan só algunha das avaliacións suspensas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O profesorado do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente.

A recuperación da mesma terá en conta o establecido na programación do curso correspondente, para a materia de Tecnoloxía e dixitalización de 1º de ESO no tocante os criterios de avaliación, e os mínimos de consecución para superar á materia.

A recuperación poderá realizarse a través da entrega trimestral de actividades e proxectos propostos. Ditas actividades valoraranse cunha nota máxima de 6, sempre e cando sexan presentados e realizados de xeito completo e correcto.

Para todo o alumnado que opte por non acollerse a este plan de traballo ou que non alcance a cualificación de suficiente nos boletíns haberá unha proba de avaliación global no mes de xuño. A data de esta proba será fixada pola xefatura de estudos.

Aqueles alumnos que non superen o plan de recuperación máis acaden unha cualificación mínima de suficiente na mesma materia do curso superior, terán aprobada a materia pendente.

Durante o mes de Outubro, o alumnado e as súas familias recibirán por escrito información detallada deste plan de recuperación da materia pendente, unha vez asinado este documento pola nai, pai ou titores legais será remitido o centro.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Unha das tarefas do profesorado será a detección temperá das dificultades de aprendizaxe para, unha vez detectadas, tomar as decisións máis axeitadas para superalas poñendo ademais en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis axeitadas segundo ás características do seu alumnado.

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación.
- Reforzo educativo.
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares
- Actividades de recuperación para o alumnado que acade un aprendizaxe insuficiente nas avaliacións ordinarias, orientadas á superación da correspondente proba de recuperación.
- Emprego de apoios visuais (mapas conceptuais, esquemas, organizadores gráficos, etc. ) que lle permitan relacionar os conceptos novos coa experiencia previa.
- Elección dos compañeiros e das compañeiras, cando se organicen traballos en grupo, de forma equitativa, de xeito que se contribúa ao desenvolvemento de todos eles e elas, tanto desde o punto de vista curricular como social.

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X		X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X		X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde.	X	X		X	X		X
ET.11 - Formación estética.	X	X	X	X	X	X	



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X	X		X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

- Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.
- Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica.
- Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais.
- Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.
- Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.
- Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos.
- Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos.
- Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.
- Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade. Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos.
- Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía.
- Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.		X	

**Observacións:**

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos das distintas unidades didácticas do curso.  
 Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Metodoloxía empregada
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.

### Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios en Classroom ou Edixgal.

Os "indicadores de logro" que se establecerán valoraranse en catro niveis do seguinte xeito: Excelente/Conseguido/Mellorable/Non acadado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000351	CPR Plurilingüe Virgen Milagrosa	Bueu	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.

O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Por tanto contidos, habilidades e actividades a desenvolver, deberemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concierne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio con especial énfase.

O centro escolar no que se aplicará a programación didáctica é un colexio concertado relixioso ubicado no casco urbano de Bueu. Está tipificado como dunha liña, posúe tres grupos de educación infantil, seis grupos de educación primaria e catro da E.S.O. O alumnado ao que vai dirixido esta programación está formado por dezasete alumnos/as, tres reciben RE dentro da aula (á espera da avaliación inicial).

En xeral, o nivel socio económico e cultural das familias é medio-baixo. Respecto á situación sociolingüística a lingua maioritaria é o castelán. A relación entre o centro escolar e os pais/nais é, en xeral, boa, estes teñen interese e están ben informados das actividades que se realizan. A asociación de nais e pais de alumnos/as, a Anpa, colabora nas actividades complementarias e extraescolares, o que indica a boa disposición cara a educación do alumnado/a.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O planeta Terra e a súa representación		5	10	X		
2	Climas da Terra		10	10	X		
3	Emerxencia climática		5	10	X		
4	Os medios naturais		5	10	X		
5	O impacto humano sobre o medio natural		10	7		X	
6	As sociedades prehistóricas		10	10		X	
7	A Antigüidade en Asia e África		10	9		X	
8	A civilización Exipcia		10	9		X	
9	A Hélade		10	9			X
10	Roma		10	9			X
11	Os pobos bárbaros		10	6			X
12	As expresións artísticas na Antigüidade		5	6		X	X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	O planeta Terra e a súa representación	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes cartográficas	PE	60



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sabe elaborar planos e mapas simples.	TI	40
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Sabe situar nun mapa as coordenadas xeográficas		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de expor a información básica contida nun mapa		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece varias accións de defensa da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Climas da Terra	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece os principais climas da Terra	PE	60
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Ubica xeográficamente os principais climas da Terra	TI	40
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sabe elaborar un climograma		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece dúas accións de defensa da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respeto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Emerxencia climática	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende algún dos riscos do cambio climático	PE	60
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Coñece algunha das medidas implementadas polo Estado para paliar a emerxencia climática		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles	Coñece varios efectos actuais da emerxencia climática		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora documentos sobre os efectos do cambio climático a partir de fontes	TI	40
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Propón medidas para paliar a emerxencia climática		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Coñece o concepto de cambio climático		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa de forma activa e argumentada en debates orais cos seus compañeiros		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas de alcance persoal para paliar a emerxencia climática		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Participa na elaboración de un traballo con fontes de historia oral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Obxectivos de desenvolvemento sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Os medios naturais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Identifica os principais elementos dos distintos medios naturais	PE	60
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Emprega terminoloxía xeográfica na descripción dos medios naturais	TI	40
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de elaborar un esquema relacionando climas e zonas bioclimáticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<p>- Lectura crítica de información.</p> <p>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</p>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O impacto humano sobre o medio natural	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica varios efectos do impacto da actividade humana sobre a súa contorna	PE	60
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Coñece varias medidas implementadas polo Estado		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Propón medidas concretas para paliar os efectos do impacto humano sobre o medio natural	TI	40
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa de xeito activo e crítico en debates orais cos seus compañeiros		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas concretas de alcance personal		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Participa na elaboración de un traballo con emprego de fontes de historia oral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	As sociedades prehistóricas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de facer unha liña temporal simple	PE	60
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Distingue as diferencias entre a Prehistoria e a Idade Antiga		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Distingue os principais ferramentas líticas da prehistoria	TI	40
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	A través do traballo sobre textos distingue como científicas as teorías creacionistas		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Elabora esquemas simples		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> </ul>

**Contidos**

- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
- Obxectivos de desenvolvemento sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.
- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.
- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.
- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.
- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.

UD	Título da UD	Duración
7	A Antigüidade en Asia e África	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Distingue os principais trazos das civilizacións	PE	60
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de facer unha liña temporal simple	TI	40
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identifica os prexuízos eurocentristas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

**Contidos**

- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.
- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.

UD	Título da UD	Duración
8	A civilización Exipcia	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Coñece as bases do sistema social	PE	60
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Desarrolla as características básicas da civilización exipcia		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha liña temporal simple	TI	40
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Elabora esquemas visuais sobre os contidos		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora o legado material exipcio		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.</li> <li>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	A Hélade	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Entende a importancia de Grecia para o desenvolvemento da democracia como sistema político	PE	60
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Responde preguntas simples sobre textos históricos		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Describe as características básicas da Héliade		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha liña temporal simple		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica na cultura europea actual algún trazo da civilización grega	TI	40
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	interpreta de forma crítica o papel da muller na sociedade grega		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
